

THE BEAST (A BESTA) 1264

Bertrand Bonello, 2023

ESTREA EN NUMAX: 27.03.2024 | V.O.S.E. | +16 | 146 min

Nun futuro próximo no que reina a intelixencia artificial (IA), as emocións humanas convertéronse nunha ameaza. Para librarse delas, Gabrielle debe purificar o seu ADN regresando ás súas vidas pasadas. Alí reencóntrase con Louis, o seu grande amor. Pero o medo invádeala e sente que se aveciña unha catástrofe.

«Unha análise extraordinaria das ameazas da intelixencia artificial e os perigos da insensibilidade emocional»

Rafaela Sales Ross, THE PLAYLIST



Entrevista con Bertrand Bonello: «Se facemos que o medo desapareza tamén facemos desaparecer a sensación de estar vivos»

Por onde empezaría a falarnos de *The Beast*? Empezaría polo presente da película, en 2044. A película é unha case distopía. Digo case porque segundo pasa o tempo teño a impresión de que cada vez nos achegamos máis ás insinuacións que propón. Quería que o futuro fose o bastante próximo para que os espectadores puidesen imaxinalo, para que case puidesen tocalo e proxectarse nel.

A película pódese resumir de forma moi sinxela: nunha época na que a intelixencia artificial resolveu todos os problemas da humanidade, unha muller intelixente ten que elixir entre atopar un traballo interesante ou manter as súas emocións e, posiblemente, coñecer ao amor dos seus sonhos. Para desfacerse dos seus sentimentos, ten que volver ás súas vidas pasadas e así limpar os vellos traumas que contaminan o seu inconsciente. Aí atópase cara a cara cunha historia de amor que atravesa vidas e épocas, o que obviamente perturba a súa elección.

Traballo ou sentimentos... É un dilema insoportable ao que nos diriximos nunha sociedade cada vez máis controlada, onde a crecente ausencia de relación co secretismo concorda cunha ausencia de liberdade, pero que me permitiu desenvolver unha narrativa e unha reflexión sobre os sentimentos. O presente da película volveuse case insoportable a pesar de -ou debido a- a ausencia de problemas. O pasado convértese nun refuxio.

A película é moi contemporánea nese sentido. Recentemente, publicáronse moitos artigos sobre o medo ao desenvolvemento da intelixencia artificial e sobre os seus perigos para a ética, a moral, e que provocaría un cambio aterrador no mundo. Cando escribín o guión, non pensei que todo fose a ocorrer tan pronto. Quizais a data que elixín, en 2044, queda demasiado lonxe. Evidentemente, esa é a parte máis política da película. Cando vexo que o profesor Geoffrey Hinton, pioneiro da IA, di que se arrepinte do seu invento e teme crear un monstro... Cito: «As futuras versións desta tecnoloxía poderían ser un risco para a humanidade».

Isto é tamén o que di a película, pero doutra maneira, con outra premisa. A catástrofe é que xa non hai catástrofes. Hai un movemento cara á desaparición da individualidade e a singularidade. Se facemos que o medo desapareza, tamén facemos desaparecer a sensación de estar vivos. Hai unha frialdade e unha soidade na película en 2044, pero paréceme o máis próximo posible á realidade.

É a primeira vez que traballa en ciencia ficción. Que dificultades concretas atopou? Traballar dentro do xénero resultou bastante difícil, xa que non son un especialista en ciencia ficción nin como espectador nin como lector. Pero tiña algúns puntos de referencia importantes. Quería que esta distopía estivese ambientada nun futuro próximo. Visualmente, quería evitar os dous grandes camiños, que son ou o ultratecnoloxismo, que pode impresionar pero a miúdo está condenado á obsolescencia, ou unha visión postapocalíptica na que todo é decadencia. Preferín proceder en decrecemento, eliminando cousas, borrando partes dos decorados, baleirando a cidade, cambiando a paisaxe sonora máis que a arquitectura, poñendo animais en París, eliminando as redes sociais ou Internet, ou facendo que as relacións entre as persoas fosen máis incorpóreas que virtuais. Non hai futurismo extravagante. A evolución do mundo é sobre todo conductual e ideolóxica. É un mundo cheo dunha nova serenidade, tranquilizadora no exterior, pero aterradora no fondo.